

**13/05/2020**

**Ola de novo!**

**Esta semana imos celebrar as Letras Galegas! Para contestar as preguntas debes ver os dous documentos que vos porei nesta páxina (LETRAS GALEGAS I e LETRAS GALEGAS II).**

**Como o alumnado que precise tarefas de recuperación recibirá nesta semana traballo extraordinario, para non saturar coas tarefas, non colgarei máis exercicios ata o día 25 de maio. Así que os que non teñan que recuperar terán un pouco de descanso.**

**O alumnado que reciba tarefas de recuperación non terá que facer a 2ª PARTE destas actividades.**

**Podedes devolverme este material xunto co da semana do 25 ao 29.**

**Recórdolles aos alumnos/as que non me entregaron o traballo da semana anterior, que non esquezan facelo.**

**Feliz día das Letras Galegas!**

## PARTE 1

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 2020

DEDICADAS A RICARDO CARBALLO CALERO



**Esta semana imos traballar sobre Carballo Calero, o autor ao que se dedica o Día das Letras Galegas.**

1. Investiga por que se celebra o Día das Letras Galegas?
2. Desde cando se celebra? Que cres que se pretende con esta celebración?
3. Este ano as Letras Galegas dedícanse a Ricardo Carballo Calero. Investiga acerca da súa vida e obra e contesta estas preguntas:
  - a) Onde e cando naceu?
  - b) Cando tivo lugar a guerra civil en España? Como repercutiu na vida de Carballo Calero?
  - c) Este autor terás que estudalo nos cursos superiores. Imos investigar sobre a súa obra:
  - d) Que libros de poemas publicou?
  - e) Que novelas publicou?
  - f) Que pezas de teatro publicou?
4. Carballo Calero publicou unha *Historia da Literatura* que é un libro moi importante porque está baseado nas experiencias vividas en primeira persoa con grande parte de autores que el mesmo coñecera. Fala deste libro e di por que o escribiu e quen lle recomendou que debía facelo.
5. Este autor era reintegracionista? Saberías explicar que significa iso? Relaciona ese concepto co tema da lusofonía (estudado no tema 4, páxina 77).
6. Por que Carballo Calero defende que hai que escribir lh ou nh en vez de ll ou ñ, (como por exemplo “alho” en vez de “allo” ou “Espanha” en vez de “España”)?

## PARTE 2

### TEST CULTURAL DE LINGUA

1. Sinala o significado correcto de **nocello**:

- [Noz seca](#)
- [Articulación da perna co pé](#)
- [Planta da familia das gramíneas](#)

2. Sinala o significado correcto de **fachenda**:

- [Vaidade, orgullo](#)
- [Presa de palla acesa](#)
- [Conxunto dos animais da casa labrega](#)

3. Sinala a serie correcta:

- [Móvil, vasoira, avoa, covarde, deber](#)
- [Móvil, vasoira, avoa, cobarde, deber](#)
- [Móvil, vasoira, avoa, covarde, deber](#)

4. Sinala o enunciado correcto:

- [Nunca enganarante cos seus contos milagreiros](#)
- [Cando lle atopei na rúa, púxenme moi leda](#)
- [Moito che me gusta cantar esas cantigas](#)

5. Sinala a serie correcta:

- [Miles, orixinais, cartafolés, cancións, us](#)
- [Miles, orixinais, cartafóis, cancións, us](#)
- [Miles, orixinais, cartafóis, cancións, ues](#)

6. Sinala a serie correcta:

- [O costume, o sal, o análise, o nariz, o marxe](#)
- [O costume, o sal, o lume, o mel, o nariz](#)
- [O auga, o sal, o lume, o mel, o nariz](#)

7. Sinala o enunciado correcto:

- [A Reina de Inglaterra leva moitos anos gobernando o país](#)
- [A semán que vén marzo traballar a Holanda](#)
- [María casou onte en Camariñas cun mozo americano](#)

8. Sinala o enunciado correcto:

- [Ese vive moito mellor ca eu](#)
- [Ese vive moito mellor ca min](#)

- [Ese vive moito mellor que eu](#)

9. 3ª persoa de singular do presente de indicativo de **servir, subir, tusir, pedir**.  
Sinala a serie correcta:

- [Serve, sobe, tose, pede](#)
- [Serve, sobe, tose, pide](#)
- [Sirve, sube, tose, pide](#)

10. Sinala o enunciado que conteña un pronome persoal de **solidariedade**:

- [Avisareite cando mo devolva](#)
- [Igal che mellora o tempo no mes que vén](#)
- [O queixo non llelo van mercar a eses](#)

11. Sinala o significado correcto de **orzamento**:

- [Cálculo anticipado do custo dunha obra](#)
- [Moble alto na cociña tradicional labrega](#)
- [Pequena inflamación nos arredores dun ollo](#)

12. Sinala o enunciado correcto:

- [Na zoa santiaguesa din que é onde máis chove de Europa](#)
- [Anque mo pidas de xeonllos non vas a ser o meu namorado nunca](#)
- [Eu medrei entre acios, bagos, vides e bagazo na adega do meu padriño](#)

13. Sinala a serie correcta:

- [Treboada, folerpa, orballo, sarabia](#)
- [Treboada, folerpa, orvallo, saraiba](#)
- [Trevoada, folerpa, chuvia, névoa](#)

14. Sinala o enunciado correcto:

- [Despois de saíres pecha a porta, que pode entrar o gato](#)
- [Xa cho había dito ela, é imposible chegar alí](#)
- [Hoxe andiven un bo anaco descalza](#)

15. Sinala a serie correcta:

- [Prognosticar, telefonar, albanel, cranio, acorazado](#)
- [Pronosticar, telefonar, albanel, cráneo, acoirazado](#)
- [Prognosticar, telefonar, albanel, cranio, acoirazado](#)